

Laudatio do Equipo Chaira, Mestras e Mestres da Memoria 2025

Centro Cultural Vello Cárcere (Lugo), 24 de outubro de 2025

Boas tardes,

Estou aquí perante vostedes para, con ocasión de lles ser concedido o galardón Mestres e Mestras da Memoria, facer a *laudatio* do Grupo de Investigación Etnográfica “Chaira”. Ou sexa, veño facer de chufón. Pero en lugar diso vou dicir só verdades. O Equipo Chaira, grupo que, composto por María Ofelia Carnero Vázquez, Mercedes Salvador Castañer, Antonio Reigosa Carreiras e mais Xoán Ramiro Cuba Rodríguez, comezou a súa andaina en 1992, hai xa máis de trinta anos (en realidade o Grupo ten a idade de Cristo), e realizou desde entón numerosas actividades no campo da recolleita, a preservación, a investigación e mais o inventariado das variadas formas de tradición oral que aínda subsisten na nosa ecúmena lucense. Nese labor silenciado, moi fóra das cámaras e os micrófonos dos medios de comunicación, e que, por iso, a pesar da súa eficacia, segue sendo case descoñecido para o gran público, debemos subliñar os traballos realizados nos concellos de Abadín, A Fonsagrada, Begonte, Chantada, Lugo, Mondoñedo, Navia de Suarna, Vilalba e A Pontenova e a publicación de dous maravillosos volumes: *Polavila na Pontenova*, de 1998, do que foi alicerce o *Inventario de lendas, contos, romances e outras manifestacións da literatura de tradición oral do concello da Pontenova* realizado entre os anos 1995 e 1996, e *Da fala dos brañegos*, de 2004, do que foi á súa vez alicerce o *Inventario de lendas, contos e outras manifestacións da literatura oral do concello de Abadín*, paradoxalmente realizado antes, entre os anos 1992 e 1993. E aproveito para dicir aquí que en ámbolos dous casos eses espléndidos e acertadísimos títulos, escollidos absolutamente á mantenta, nos remiten a ilustres precedentes, os dos *Contos de polavila* de José María López e *Como falan os brañegos* de Antonio Noriega Varela.

Recole o equipo nos seus traballos unha riqueza, a da nosa literatura oral, que debemos considerar directamente comparable á das maxestosas arquitecturas como as antas e os castros, a muralla de Lugo e a catedral de Santiago ou á das paisaxes naturais como os arcos de Augas Santas ou as moreas do Pedregal de Irimia; esa riqueza inclúe a tradición oral, a fala, os contos e adiviñas, as lendas e mitos, oracións, ensalmos e ladaíñas, os chistes e romances, cántigas, parrafeos e trabalinguas, que desgraciadamente xa case non se transmiten de boca en boca, porque rompeu o fío (como dixo o profesor Xosé Luís Garrosa, un vencello máis valioso cá lendaria cadea de ouro que, segundo un dos informantes, unía o castro de Vilar coa Pedra da Arca en Conforto, na Terra de Miranda), e agora precisamos dos libros coma estes para coñecer ese tesouro, que é nada menos que o tesouro da nosa propia identidade.

Dixen a recolleita, a preservación, a investigación e o inventariado, e efectivamente, en todas estas facetas o traballo dos Chaira é notable, innovador e modélico. Recollen de xeito escrupuloso, científico, con respecto aos informantes e ao idioma que estes utilizan. Podemos comprobalo nos textos, de absoluta fidelidade ás formas orais, pois os autores pretenderon presentarnos unha testemuña e non unha reconstrución. Conectan sempre o texto co seu ambiente, informan do, ou da, informante, é dicir, da procedencia do recollido, da súa localización no espazo e no tempo, co

que lle confiren o seu auténtico valor e lle conceden a verosimilitude, iso precisamente que é imprescindible, iso precisamente que lle negan alegremente os moitísimos refritos que abundan na antropoloxía galega. Axuntan ademais datos das gravacións e documentación gráfica. Asegúranse así da preservación. É dicir, da preservación que é posible.

Os Chaira, como é lóxico, catalogan o recollido en grandes grupos: 1, lendas, 2, contos; 3, romances; 4, cántigas; 5, adiviñas e trabalinguas; 6, responsos, ensalmos e oracións, etc. E en cada grupo van facendo subdivisións, así lendas de tesouros, de encantos, de mouras, de meigas, de santos e virxes, de nubeiros, de ánimas, de trasnos e demos, de pozos, de vilas asolagadas, toponímicas, etc. Romances vellos e novos, e dentro destes, romances de cego, humorísticos, de amores desgraciados, relixiosos, parrafeos, etc. Para os contos, de xeito tamén innovador en Galicia, utilizan o catálogo internacional de Aarne Thompson (sempre que poden). Isto, por certo, adiantouse e deu pé aos posteriores catálogos tipolóxicos que se elaboraron no noso país.

En canto á investigación, os textos adoitan ir acompañados de notas con bibliografía e unha breve explicación que pode aclaralos ou relacionalos con outros recollidos en Galicia, Europa ou noutras partes do mundo. Por exemplo, poden explicarnos que o romance das tres comadres xa foi recollido en Galicia noutras sete versións por distintos investigadores e remitirnos aos textos correspondentes, ademais de explicarnos que o tema xa está presente nun *fabliau* francés do século XIII, *Les trois dames de Paris*... Isto é unha reivindicación do valor da nosa literatura oral e do noso lugar no mundo, como un máis entre os pobos europeos. E facilita enormemente o labor dos investigadores no súa busca de paralelismos e interpretacións. Precisamente o Grupo Chaira, coas lendas e mitos por eles recollidos, veu comezar a tapar as moitas lagoas que a investigación etnográfica presenta na provincia de Lugo se a comparamos, como tal, coa dun Ourense que contou con Risco, Saco, Taboada Chivite, Xaquín Lorenzo, Cuevillas ou Laureano Prieto.

Os traballos de recolleita do Grupo Chaira, xunto cos dos investigadores previos, axudaron moito e nalgúns casos deron pé aos de reinterpretación, reelaboración ou explicación que Cuba, Reigosa e mais eu emprendemos no *Diccionario dos seres míticos*, a colección de *Lendas de Galicia* e dos contos “*Cabalo Buligán*”, ademais dos *Contos Colorados*, que son os contos eróticos da nosa tradición, e non é cuestión baladí que o propio nome do libro fose suxerido polo xeito que os informantes da Pontenova teñen de chamar a ese tipo de contos. Algúns deses seres míticos, lendas e contos saíron directamente dos materiais recollidos polo grupo Chaira, é dicir, as achegas do Grupo Chaira inclúen impresionantes achados, por veces únicos. Poño por caso o relato *Como naceron os lobos*, recollido en 1992 nas Basillas, Labrada, Abadín, no que se conta que “*uns que eran ricos convidaron a Cristo e San Pedro que andaban polo mundo. Pero en vez de lles cociñar un becerro, querendo enganar aos convidados, mataron un can e amañárono. Sentaron todos á mesa, e o pailán de San Pedro xa manexaba o coitelo, cando lle dixo Xesús: —¡Detente, Pedro, que é can! E dirixíndose ós da casa, dixo: —Ela se volva lobo e el lobo. E á carne: —¡Levántate, can, e marcha tras todo! Os dous humanos, home e muller, transformáronse en lobos e botáronse ó monte*. Este relato remítenos directamente ao primeiro libro das *Metamorfoses*, de Publio Ovidio Nasón (nado no ano 43 a. C), quen nun relato paralelo cóntanos a transformación de Licaón en lobo por pretender enganar a Zeus servíndolle de xantar a carne dun home en lugar da dunha vaca. A maiores, este conto resulta ser un exemplo do Aarne Thompson 750 B.

Ou o relato sobre a creación dos anxos rexistrado en Vilar, Conforto, A Pontenova, no ano 1996, que vou dicir enteiro: “*Porque tamén el demonio era o ángel máis aventurado de Dios e antes de facer este mundo e tal foise Dios e meteu un dedo en auga, nunha gota de auga e fizo así [sacudiu a man]*

e saliu un ángel. E díxolle o outro: —Pois, voy a ver si saco uno. E meteu o dedo e sacou outro ángel. Pero despois méteos todos e sacou cinco ángeles e díxolle: —Ya soy más que tú, que tú sacaste uno y yo saqué seis. E díxolle él: —Pues el poderoso lo soy yo, y tú ahora vas a ser arrebatado al infierno para tormento de los condenados.”

Citarei ao profesor José Manuel Pedrosa: *esta lenda, auténtica xoia do imaxinario popular galego, é absolutamente excepcional na tradición oral panhispánica, xa que... só foi recollida, na península Ibérica e no resto do mundo hispánico, esta versión galega... e é a única versión galega e hispánica que coñecemos do complexo narrativo que foi etiquetado como A inmersión cosmogónica, e que foi documentado, en versións profusas e variábeis, en toda a Europa oriental e en gran parte de Asia, desde Romanía e Rusia ata as tradicións dos ugrios, altaicos, mongois, buriatos e iacutos, e tamén en diversas tradicións iranianas, indias e do sueste asiático e dos indios de Norteamérica...*

Ou o moi picaresco *conto do grilo e o saltón*, que era entón a única versión coñecida na Península, que foi rexistrado en Vilaboa, A Pontenova, e que resultou ser tipo 282 D* de Aarne/Thompson, e idéntico a un que contaban no meu barrio Lamas de Prado, Lugo, cando eu era neno, e ao recollido por Afanásiev en 1870, en Vorónezh, Rusia, co título *O piollo e a pulga*. Non o vou contar porque hai aquí se cadra menores, pero vai de mulleres e buratos... e, se teñen curiosidade, poden vostedes lelo nos *Contos colorados*.

Ou as lendas sobre nubeiros recollidas en Vilarente, Abeledo e Romariz, que veñen confirmar e modificar a idea dos nubeiros que tiñamos pola monografía de Risco. Ou o precioso conto marabilloso do *fardelo e a manta*, rexistrado por única vez en Galicia en Xudán, que resulta ser o 556 de Aarne dos *tres obxectos máxicos* e que ben podería ser das *mil e unha noites* ou do *Pentamerone* ou, postos a iso, de Hans Christian Andersen.

Teño que lamentar seriamente que non estean publicados todos os textos recollidos polo inigualable Grupo Chaira, nin sequera, en verdade, todos os textos dos concellos da Pontenova e Abadín, e moito menos os outros... E vou rematar insistindo na idea de que polos seus modélicos traballos, pola súa ética e polas súas acertadas ideas, Mercedes, Xoán, Antonio e Ofelia son, moito máis que merecidamente, mestras e mestres da Memoria.

Xosé Miranda